



CONVOCATORIA

De orde do Sr. Presidente convócase a vostede á sesión extraordinaria a celebrar pola Xunta de Goberno da Excma. Corporación Provincial, en primeira convocatoria ás trece horas do día **VINTE E DOUS DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día, previamente aprobada pola Presidencia.

De non celebrarse na data e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do día seguinte, e salvo que coincida con días festivos ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

Lugo, 20 de maio de 2019

A SECRETARIA XERAL,

ORDE DO DIA

1. Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (Sociedades Anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. C.B. Breogán SAD. Disciplina: Baloncesto. Anualidade 2019.
2. Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a contratación do patrocinio publicitario deportivo de equipos (Sociedades Anónimas) de categorías estatais de fútbol e baloncesto co fin de promocionar a marca A Deputación de Lugo co deporte ou calquera outra



marca/imaxe/mensaxe da Deputación de Lugo/provincia de Lugo. CD Lugo SAD. Disciplina: Fútbol. Anualidade 2019.

3. Proposta de aprobación, se procede, da contratación dun embaixador do turismo da provincia de Lugo para o desenvolvemento de accións de promoción e consolidación da marca Lugo Cambia.
4. Acordo que proceda sobre accións de fomento para dinamización e potenciación da integridade da raza bovina rubia galega nas explotacións lucenses. Eixe 1: promoción e recría de novelas de raza rubia galega na Granxa Gayoso Castro. Eixe 2: promoción e potenciación de reprodutoras inscritas no rexistro definitivo do libro xenealóxico da raza rubia galega nas explotacións da provincia de Lugo.
5. Aprobación, se procede, de convenios, protocolos, e modificacións de convenios de colaboración con distintas Entidades e Concellos.
6. Aprobación, se procede, de Plans de Seguridade e Saúde no Traballo.